




CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

E-mail: correo@boimorto.es

Teléfono: 981 516 020 Fax: 981 516 045

Web: www.concellodeboimorto.es



REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).

CERTIFICO:

Que a Alcadesa con data doce de decembro de dous mil dezaseis, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<

Decreto: 566 / 2016

Data decreto: 12/12/2016

Descrición decreto: Convocatoria e bases específicas para a formación dunha bolsa de traballo para realizar contratacións laborais temporais como Animador/a deportivo/a

DONA MARÍA JESÚS NOVO GÓMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vista a necesidade de contar cunha bolsa de traballo que permita dar cobertura para a realización de contratacións laborais temporais que cubran a praza de Animador deportivo do Concello de Boimorto en caso de disfrute deste laboral fixo de licenzas, permisos e ou vacacións e coa finalidade de garantir este servizo municipal.

Visto o informe de secretaria intervención en relación con esta selección do persoal laboral temporal de data 12/12/2016.

En uso das facultades outorgadas a esta Alcaldía polo artigo 21.1 g) da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local en materia de persoal polo presente

RESOLVO


PRIMEIRO .- Acordar a convocatoria para a formación da bolsa de traballo para realizar contratacións laborais temporais e / ou nomeamentos interinos como animador/a deportivo/a do Concello de Boimorto facendo a súa selección por concurso e aprobar as bases que rexerán a formación e funcionamento da bolsa de traballo tal e como a continuación se reproducen

BASES ESPECÍFICAS PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS COMO ANIMADOR/A DEPORTIVO/A DO CONCELLO DE BOIMORTO

1.- Obxecto da Convocatoria

O obxecto da convocatoria é a formación dunha bolsa de traballo para realizar contratacións laborais temporais e / ou nomeamentos interinos no posto de traballo de animador/a deportivo/a do Concello.

As funcións a desempeñar serán as propias do posto de traballo de Animador deportivo, así como calquera outra encomendada pola Alcaldía relacionada co servizo na súa competencia de organización dos servizos municipais.



2.- Duración dos contratos

Segundo se estableza en cada contrato de conformidade coas necesidades do concello.

3.- Sistema de provisión

Concurso.

4.- Xornada laboral

37,5 horas semanais de luns a domingo cos descansos establecidos por lei de ser o contrato a xornada completa, ou a parte proporcional que se estableza en cada caso.

5.- Retribucións

As correspondentes segundo o convenio colectivo único estatal para o grupo 3, o salario bruto será de 1.236,73 euros para a xornada completa, con dúas gratificacións extraordinarias de forma separada que se aboaran con dereito a cobrar semestralmente, equivalentes a unha mensualidade de salario base.

6.- Requisitos dos/as aspirantes

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da mesma norma.

“Artigo 57 referido o acceso o emprego público de nacionais doutros Estados: nos seguintes termos:

.- Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder, como persoal funcionario en igualdade de condicións que os españois ós empregos públicos, con excepción de aqueles que directa ou indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público ou nas funcións que teñen por obxecto a salvaguarda dos intereses do Estado ou das Administracións Públicas.

A tal efecto , os órganos do Goberno das Administracións públicas determinarán as agrupacións de funcionarios contempladas no artigo 76 ás que non poden acceder os nacionais doutros Estados.

.- As previsións do apartado anterior serán de aplicación calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinteun anos ou maiores de dita idade dependentes.

.- O acceso o emprego público como persoal funcionario, extenderase igualmente ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados po España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, nos termos establecidos no apartado 1 deste artigo.

.-Os estranxeiros aos que se refiren os apartados anteriores , así como os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

Conforme o artigo 1 da Lei 17/1993, de 23 de decembro, en redacción dada pola lei 55/1999 de 29 de decembro, poderán tomar parte nas probas selectivas, ademais dos españois: 1)os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, do Reino de Noruega ou da República de Islandia, 2)os cónxuxes dos españois e os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, do Reino de Noruega ou da República de Islandia, sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes e os do seu



cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, menores de 21 anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas.

Os aspirantes que non teñan a nacionalidade española deberán acreditar o cumprimento dalgún dos requisitos anteriores xuntando á solicitude fotocopia compulsada do documento de identidade ou pasaporte. As persoas incluídas no apartado a.2) deberán presentar, ademais, os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo de parentesco e, no seu caso, unha declaración xurada o promesa do español ou do nacional da Unión Europea, de Noruega o de Islandia co que existe este vínculo de que non está separado de dereito do seu cónxuxe, ou de que o aspirante vive as súas expensas.

As persoas que non teñan nacionalidade española que superen o proceso selectivo non poderán desempeñar postos de traballo que supoñan a participación directa ou indirecta no exercicio do poder público. A Administración será a competente para determinar cales serán ditos postos de traballo.

b) Poseer a capacidade funcional para o desempeño das tarefas . Non padecer enfermidade nin estar afectado por docencia física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. No caso de minusvalía que non impida o exercicio das súas funcións deberá xustificarse por medio de certificación da Consellería competente da Xunta de Galicia.

c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CCAA nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral , no que houbese sido separado ou inhabilitado. De ser nacional doutro Estado no atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado nos mesmos termos o acceso o emprego público.

e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade có disposto na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

Serán **requisitos específicos** en aplicación do disposto no artigo 56.3 da Lei 7/2007 os seguintes:


A) Requisito específico de titulación:

- Estar en posesión do título de Técnico superior en animación en actividades físicas e deportivas ou en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes así como ter a formación mínima indicada en Decreto 104/2012 de 16 de marzo polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro profesional de socorristas acuáticos de Galicia artigos 4 e 6 .1.

Deberá indicar que titulación é usada como requisito da convocatoria e cal é usada na fase de concurso.

B) Carnet de conducir B1 en vigor.

Os anteriores requisitos, así como os específicos que se sinalan deberanse reunir con referencia ó último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar deles ata a data do seu nomeamento como persoal laboral, e será nulo o nomeamento dos aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.



DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO COA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN; NON OBRIGATORIA ACREDITACIÓN COÑECEMENTO DO GALEGO

De presentar esta documentación os/as aspirantes que estean en posesión do Celga 2 ou equivalente estarán exentos da realización de proba de acreditación do coñecemento do galego.

De non acreditarse o coñecemento do galego por non presentar méritos neste apartado será obrigatoria a realización dun exercicio- entrevista na data fixada pola Comisión seleccionadora:

Exercicio de coñecemento de galego, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá nunha proba oral nun tempo máximo de dez minutos. O exercicio será cualificado de apto ou non apto e terá carácter eliminatorio. (artigo 51 Lei emprego público de Galicia 2/2015 de 29 de abril)

7.- Presentación de solicitudes

O Concello de Boimorto dará publicidade á convocatoria e as bases de selección por anuncios no taboleiro de edictos do Concello, na páxina web e Boletín oficial da provincia .As instancias, xunto co resto de documentación mínima que os aspirantes deben presentar solicitando participar no proceso selectivo poderán presentarse no modelo Anexo II, dirixiranse á Sra. Alcaldesa do Concello de Boimorto, e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Boimorto, en horario de 9:00 a 15:00 horas de luns a venres, no prazo de **10 días naturais** contados a partir do día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.


As instancias, xunto coa documentación precisa, tamén poderán remitirse na forma prevista no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. No caso de non ter presentado no rexistro municipal os aspirantes deberán remitir un fax 981516045 ou un e-mail ao seguinte correo: correo@boimorto.es, coa copia da solicitude debidamente rexistrada dentro do prazo de presentación.

A instancia acompañarase de

- .- Fotocopia do DNI.
- .- O Celga 2 ou equivalente (de ser o caso). As persoas aspirantes que acrediten o coñecemento de lingua galega, con carácter previo e de maneira normativamente establecida quedarán exentas da súa realización e daráselles por superada esta proba coa cualificación de apto/a.
- .- Copia dos títulos ou declaración ou certificado de estar en condicións de obtelos títulos esixidos nas bases para a praza antes da sinatura do correspondente contrato.
- .- Toda a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos de participación contados na cláusula seis destas bases.
- .- A relación dos méritos que aleguen, nomeados segundo a orde establecida no apartado de méritos.

Non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos as que se refiren.

A documentación deberá ser fotocopia, sen ser precisa a copia cotexada; presumirase documentación auténtica, e unicamente será requerida a presentación de documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.



A documentación presentada deberá ir acompañada pola solicitude que aos interesados se lles facilitará no rexistro do Concello.

8.- Comisión Seleccionadora

A Comisión seleccionadora estará composta por un presidente, un secretario, e tres vogais de conformidade co artigo 60 do Real Decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público.

1.- Todos/as os/as vogais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida como requisito dos aspirantes. A Comisión seleccionadora non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o/a presidente/a e o/a secretario/a ou persoas en quen deleguen. De todas as reunións que faga a Comisión o/a secretario/a redactará acta. As decisións se adoptarán por maioría de votos dos membros presentes resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a presidente/a da Comisión.

2.- Os membros da comisión absteranse de intervir e comunicaranos á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias prevista no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

3.- A Comisión resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases, así como, nos casos non previstos polas mesmas.

4.- A Comisión poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores, con voz e sen voto para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente.

5.- Os membros concorrentes ás sesións da Comisión e para os efectos de percepcións de asistencias clasificaranse consonte o disposto no artigo 33 do Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo.

6.- O alcalde, vista a proposta da Comisión, procederá á ditar a Resolución correspondente que aprobará a formación da bolsa.

A Comisión seleccionadora estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: O Técnico deportivo do Concello de Boimorto, D. César Buján Barral.

Suplente presidente: O Técnico deportivo do Concello de Mesía, D^a Elena Roca Moro

-Vogais:

1º vogal: A Axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Boimorto, D^a Ana M^a Vallo Camba.

Suplente 1º vogal: A Axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Toques, D^a Mónica Seijas Rey


2º vogal: A Técnica en intervención familiar- psicóloga do Concello de Boimorto, D^a M^a Teresa Gómez Cea

Suplente 2º vogal: A Traballadora social do Concello de Boimorto, D^a M^a Esther Vidal Pandelo

Secretaria: a do Concello ou funcionario/a que legalmente a substitúa.

9.- Comezo e desenvolvemento da fase de concurso

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web as listas de admitidos e excluídos coa motivación da exclusión elevándose a definitiva a lista provisional de admitidos de non existir excluídos e de outorgando de dous días hábiles aos excluídos, no seu caso, para alegacións sendo necesaria aprobación de lista definitiva.



Trala lista provisional elevada a definitiva ou lista definitiva de admitidos a Comisión seleccionadora procederá á valoración dos méritos en concurso dos/as aspirantes admitidos/as.

A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases, polo sistema de concurso coas candidatos/as que no prazo establecido presentaran a súa documentación.

O resultado do proceso selectivo farase público mediante a publicación da correspondente acta/anuncio da Comisión seleccionadora no taboleiro de edictos e na páxina web do concello.

10.- Formación de bolsa de traballo

Cos aspirantes que superaron o concurso, con alomenos 3 puntos formarase unha bolsa de traballo segundo a orde de puntuación obtida para nomeamento interinos ou contratacións temporais no posto de animador deportivo de acordo coas seguintes normas:

10-1.- Os chamamentos aos aspirantes.

Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter a constancia da súa recepción.

Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefónicamente. Neste suposto, o/a empregado/a público/a que as realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tiveron ou non resposta.

Antes da sinatura do contrato o Concello poderá acordar que o traballador se someta a un recoñecemento médicopsicolóxico que evalúe a súa adecuación ao posto a desempeñar.

10.2.- Suspensión dos chamamentos.

1. De oficio.

A aceptación dun chamamento suporá a suspensión dos chamamentos ata que cese o primeiro nomeamento.

2. Por solicitude do/a interesado/a.

Os integrantes da bolsa de traballo que non se atopen prestando servizos poderán solicitar a suspensión das citacións mediante solicitude para o efecto formulada.

A dita solicitude, que será irrenunciante, terá efectos suspensivos nas citacións. Os seus efectos produciranse desde o décimo día natural seguinte contado desde a presentación da solicitude de suspensión no rexistro do órgano competente.

O tempo de duración desta, a elección da/o interesada/o, será de dous, seis ou doce meses computados desde a data de efectos da suspensión.


10.3.- Mellora

No caso de que algún integrante da bolsa de traballo estivera contratado ou nomeado como funcionario e fora a realizarse un novo chamamento que obxectivamente poda considerarse como de mais longa duración ou de maior xornada poderá solicitar ser contratado ou nomeado con preferencia aos seguintes na lista. O órgano competente o acordará sempre que non supoña menoscabo para o servizo.

10.4.- Situación na bolsa de traballo.

1. Os integrantes da bolsa de traballo non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que se o nomeamento para a que son chamados finaliza, retornarán ao posto que novamente lles corresponda na lista.

2. Os integrantes da bolsa de traballo que, sendo convocados para facer efectiva a contratación ou nomeamento segundo o disposto na base undécima, non se presentaran ou



renunciaran a esta, perderán os seus dereitos quedando excluídos da lista por un ano, debendo solicitar de novo a súa inscrición unha vez transcorrido o dito prazo.

3. Os integrantes da bolsa de traballo que renunciem á continuidade no desempeño dun posto de traballo perderán os seus dereitos quedando excluídos da lista por un ano, debendo solicitar de novo a súa inscrición unha vez transcorrido o dito prazo.

10.5.- Nomeamentos e cesamentos.

Poderán conferirse contratacións laborais temporais para o desempeño do posto de traballo que se atope vacante ou non , neste último caso será causa suficiente a situación de ILT ou vacacións permisos licenzas do seu titular..

Previo ao nomeamento deberá solicitarse informe de existencia de crédito á Intervención Municipal.

Unha vez comparecera o aspirante chamado segundo o orde da Bolsa de Traballo, o Sr. Alcalde por Resolución procederá ao seu nomeamento para o desempeño do posto de traballo.

O cesamento producirase polo transcurso do prazo ou causa da contratación prevista ou por Resolución da Alcaldía de conformidade co establecido na lexislación vixente.

10.6.- Extinción da bolsa de traballo.

A bolsa de traballo formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan as presentes bases extinguirase unha vez transcorridos dous anos a contar dende a data de publicación no taboleiro de edictos e na páxina web do concello da Resolución da alcaldía que a aprobe, podendo ser obxecto de prórroga por causas debidamente xustificadas e motivadas.

11.- Publicidade

No BOP publicarase anuncio comprensivo do acordo de aprobación da convocatoria, do prazo de presentación de solicitudes e das bases do proceso selectivo.

No taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello publicaranse as bases íntegras do proceso selectivo e os resultados do proceso de selección.

12.- Formalización do contrato

O contrato formalizarase a requerimento da Administración acreditado presentado polos/as aspirantes

A) Certificado médico oficial, acreditativo de non padecer enfermidade ou minusvalía que impida exercer a función propia a realizar.


B) Declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade para ser persoal da/s Administración Pública segundo o disposto na Lei 53/1984 do 26 de decembro e non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública nin acharse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

13.- Incidencias

A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do concurso en todo o non previsto nestas Bases.

14.- Dereito supletorio.

No non previsto nestas bases acudirase ao disposto no sinalado no TREBEP Real decreto legislativo 5/2015 ; na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos ós que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local; no Decreto



95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de persoal ó servizo da comunidade autónoma de Galicia, no Real decreto legislativo 2/2015 de 23 e outubro polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto dos traballadores e RD 364/1995 de 10 de marzo polo que se aproba o regulamento xeral d ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e demais normas de aplicación.

15.- Norma final.

A presente convocatoria, as súas bases e todos os actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados no caso e na forma dispostos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ANEXO I

Baremo de méritos para valorar o concurso praza de animador/a deportivo/a xornada completa

1. Experiencia laboral: máximo 5 puntos

a) Experiencia profesional en postos de traballo en calquera administración pública como animador/a deportivo/a: 0,05 puntos por mes completo, cun máximo por este concepto de 3 puntos.

b) Experiencia profesional en postos de traballo no sector privado como animador/a deportivo/a: 0,03 puntos por mes completo, cun máximo por este concepto de 2 puntos.

Cando o contrato sexa superior a media xornada contabilizarase como si fose xornada completa. Cando o contrato sexa entre 10 horas semanais e media xornada contabilizarase como se fose de media xornada. Si o contrato fose inferior a 10 horas semanais non se valorará.

Debe aportarse certificado de vida laboral actual acompañada de copias dos contratos de traballo que inclúan a descrición do traballo realizado ou ben certificado de servizos prestados.

2. Formación: máximo 6 puntos

a) Valoraranse as seguintes titulacións académicas ou deportivas: máximo de 3 puntos.

- Grao en ciencias da actividade física e do deporte (antigua licenciatura): 3 puntos.

- Grao en mestre, especialidade educación física (antigo maxisterio): 2,5 puntos.

- Técnico de conducción de actividades no medio natural: 2 puntos.

En caso de presentar varias titulacións valorarase soamente a de maior puntuación.


b) Cursos de especialización como monitor de algunha das seguintes actividades específicas impartidos por federacións deportivas ou outros organismos oficiais nos seguintes deportes: natación para bebés, natación para embarazadas, aquagym, aquaerobic, saúde na auga, socorrista en instalacións acuáticas, spinning, pilates, aerobio, patinaxe, ximnasia rítmica, ximnasia de mantemento, baile moderno e socorrista en instalacións acuáticas, segundo o seguinte baremo e cun máximo de 3 puntos:

– Cursos de menos de 40 horas: 0,10 puntos por cada un.

– Cursos de 40 a 99 horas: 0,25 puntos por cada un.

– Cursos de 100 ou máis horas: 0,50 por cada un.

Non se valorarán os cursos que non especifiquen o número de horas.



Os títulos e diplomas ou certificados de cursos que presenten os interesados acreditaranse mediante fotocopia dos mesmos, expedido polo Organismo ou Entidade correspondente. Non se valoran xornadas, certificados de asistencia.

O desempate en puntuación para a selección ou para formar parte da bolsa partirá da puntuación obtida no concurso coa seguinte orde:

- Puntuación obtida no apartado de experiencia laboral
- Puntuación obtida no apartado de formación

ANEXO II
MODELO DE INSTANCIA

D./Dña.....,con DNI número.....e domicilio a efectos de notificacións e comunicación en.....CP.....localidade.....
..telf.....

EXPON:

- I.- Que ten coñecemento da convocatoria publicada e bases para a formación da bolsa de traballo de animador/a deportivo/a como persoal laboral temporal non permanente do Concello de Boimorto.
- II.- Que está en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección.

Polo exposto,

SOLICITA: Ser admitido ao correspondente proceso selectivo, aportando a estes efectos a documentación que se achega.

Lugar e data

Asdo.:

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade

.....

.....

.....

- (no caso de ser necesario continuarase ao reverso enunciando a documentación que se achegue)

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

SEGUNDO.- Publíquese no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web e Boletín Oficial da provincia anuncio indicativo deste procedemento de selección xunto con certificación deste decreto.



O manda e asina a Sra. Alcaldesa, D^a. María Jesús Novo Gómez en Boimorto doce de decembro de dous mil dezaseis do que, como secretaria asino aos unicos efectos de dar fe.

A Alcaldesa - Presidenta

Perante min, a secretaria

Asdo.- María Jesús Novo Gómez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace da Sra. Alcaldesa, en BOIMORTO, a 20 de decembro de 2016

V^o Pr.
A Alcaldesa

Asdo.- María Jesús Novo Gómez